

## Bono social eléctrico

### Tarifa de último recurso para consumidores vulnerables

As tarifas de último recurso para consumidores vulnerables aplícanse a aqueles consumidores que teñan a condición de vulnerables: as vivendas con menos recursos, as familias numerosas e outros colectivos que poidan beneficiarse do Bono Social.

O prezo da tarifa de último recurso será o PVPC descontando o Bono Social, que é un **desconto do 25%** en todos os termos que o compoñen.

Os clientes con Bono Social non poden acollerse ao prezo fixo anual sen perder dito Bono Social.

O Bono Social eléctrico ten unha duración indefinida salvo que a situación da persoa beneficiaria cambie e se perdan as condicións que deron dereito a el. Neste caso, deberase comunicar de inmediato á súa Comercializadora de Referencia para evitar unha penalización que consiste na aplicación dun recargo do 10%.

### Persoas beneficiarias:

Fogares con unha **potencia contratada inferior a 3kW**: se o enderezo do punto de suministro é a vivenda habitual do cliente, e dispón dunha potencia inferior a 3kW. Descargar o impreso de solicitude <3kW.

**Pensionistas** con 60 o máis anos que perciban pensión mínima por xubilación, incapacidade permanente ou viuvez. Descargar o impreso de solicitude para pensionistas.

**Familias numerosas.** Descargar o impreso de solicitude para familias numerosas.

Familias con todos os seus membros en **situación de desemprego**. Descargar o impreso de solicitude para persoas en situación de desemprego.

### Requisitos para acollerse

- Ser persoa física.
- Que a subministración estea destinado a residencia habitual do titular.
- Que a subministración estea acollida á tarifa do último recurso.
- Pertencer a algún dos colectivos beneficiarios.

### Documentación:

- Fotocopia do DNI do titular do punto de suministro.
- Certificado de empadramento do titular do punto de suministro.
- Fotocopia da última factura.
- Certificado acreditativo da condición de pensionista emitido polo Organismo competente en cada caso.

- Acreditación dos requisitos achegando a documentación que se indica en cada modelo de solicitude.

### Onde solicitalo

- Nas oficinas da distribuidora
- No número de fax, correo electrónico, ou enderezo postal que comunique o comercializador do último recurso na súa páxina web ou na súa factura.

## Axudas urxentes de tipo social (Auxs) para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas máis vulnerables

### Obxecto

Pagamento da factura eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables, e deste xeito, asegurar a este colectivo o acceso continuado á subministración de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia.

### Gastos subvencionables e contía

Os gastos subvencionables serán o 100 % do importe das **facturas de electricidade ou gas natural** (IVE incluído) correspondentes á vivenda habitual do solicitante, que estean pendentes de pagamento na data da solicitude e xa transcorrera a data límite de pagamento, emitidas por unha comercializadora de electricidade ou gas natural que teña asinado un protocolo de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria para evitar os cortes de subministración. Deberá facerse unha solicitude por cada factura, cun límite máximo de 2 facturas/ano por solicitante e importe máximo de 200 €/ano por solicitante.

O importe da subvención non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo total do gasto subvencionable.

### Persoas beneficiarias

Residentes en Galicia, cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM (6.390,13 €/ano) e teñan facturas de electricidade ou gas natural pendentes de pagamento despois da data límite de pagamento, xa teñan ou non a subministración interrompida.

### Requisitos

1. Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM (6.390,13 €/ano). A estes efectos, considérase unidade de convivencia o conxunto de todas as persoas que viven no mesmo domicilio. A determinación dos membros da unidade de convivencia realizarase atendendo á situación existente no momento da solicitude. A renda da unidade de convivencia obterase por agregación das rendas do exercicio fiscal 2015 de cada un dos membros que obteñan ingresos de calquera

natureza, de conformidade coa normativa reguladora do IRPF. Os membros da unidade de convivencia que presentasen declaración do imposto sobre a renda no 2015, para os efectos do cálculo da renda sumarán os recadros 380 (base imponible xeral) e 395 (base imponible do aforro) da declaración. No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia durante o exercicio 2015.

3. Ser o titular do contrato de subministración eléctrica. (*Ás persoas en aluguer asístelles o dereito a solicitaren ser titulares das subministracións da vivenda alugada*)
4. Ter unha factura de electricidade ou gas natural pendente de pagamento e que xa transcorrese a data límite de pagamento especificada na factura.
5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 do xuño, de subvencións.

## Documentación

### Presentación electrónica da solicitude

Xunto coa solicitude, deberase presentar copia dixitalizada da seguinte documentación:

- a. Factura de enerxía eléctrica ou de gas natural non aboada, emitida pola empresa comercializadora.
- b. Certificado ou volante de convivencia/empadroamento onde figuren todas as persoas que conviven no mesmo domicilio.
- c. DNI/NIE do solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 14 anos, soamente no caso de non autorizar a súa consulta no anexo II ou III).
- d. Declaración do IRPF ou certificado de renda emitido pola Axencia Tributaria relativos ao ano 2015, do solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia (só no caso de denegar expresamente a súa consulta no anexo II ou no anexo III)..
- e. De ser o caso, autorización aos funcionarios correspondentes para a presentación electrónica da solicitude e da documentación relativa a esta orde de axudas (anexo IV).

### Lugar de presentación:

- Deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde o enlace: <https://axudascortes-subministracion.xunta.gal>

No suposto de que o peticionario non teña capacidade técnica ou económica, ou que por outros motivos non teña garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos, a súa identificación ou autenticación poderá ser validamente realizada por empregado público e poderá dirixirse ás oficinas de calquera das catro xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para que lle fagan a solicitude.

### Prazo de presentación:

Desde a publicación do extracto no BOE até o **15 de decembro de 2017**.

### Información sobre procedemento

a) Web oficial da consellería: <http://economiaeindustria.xunta.es>.

b) Teléfonos:

- A Coruña: 981 18 49 95 e 981 18 49 36.
- Santiago de Compostela: 981 95 70 24, 981 54 55 87 e 981 54 55 74.

c) Enderezo de correo electrónico: [cei.dxiem.axudasenerxia@xunta.es](mailto:cei.dxiem.axudasenerxia@xunta.es)

d) Presencialmente.

Para cuestións xerais: teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

### Axuda económica para o pago de parte da factura eléctrica a través do ticket eléctrico social de Galicia

#### Obxecto

Subvencionar parte da factura eléctrica ás unidades de convivencia con menores ou discapacitados cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM (9.585,19 €/ano).

#### Contía

Será unha cantidade fixa de **180 €ao ano** para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos, e de **300 €ao ano** para as que acrediten ser ademais **familia numerosa**.

#### Gastos subvencionables

Serán as **facturas de electricidade** (IVE incluído) cuxo período de lectura estea comprendido **entre o 1 de xullo 2016 e o 30 de xuño do 2017**. No caso de que unha factura abranga un período que saia en parte do período subvencionable, considerarase subvencionable o custo rateado dos días incluídos nel.

#### Requisitos das persoas beneficiarias

1. Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Que na unidade de convivencia haxa menores de idade ou persoas con discapacidade con un grado igual ou maior ao 33 %.
3. Ser o pagador da correspondente factura de enerxía eléctrica.
4. Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM (9.585,19 €/ano). A estes efectos, considérase unidade de convivencia o conxunto de todas as persoas que viven no mesmo domicilio. A determinación dos membros da unidade de convivencia realizarase atendendo á situación existente no momento da solicitude. A renda da unidade de convivencia obterase por agregación das rendas do exercicio fiscal 2015 de cada un dos membros que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do IRPF. Os membros da unidade de convivencia que presentasen declaración do

IRPF no 2014, para os efectos do cálculo da renda sumarán os recadros 380 (base imponible xeral) e 395 (base imponible do aforro) da declaración. No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia durante o exercicio 2015.

5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 do xuño, de subvencións.
6. Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia.

## **Documentación**

### **Presentación electrónica da solicitude**

Copia dixitalizada da seguinte documentación:

- a. DNI/NIE do solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 14 anos (só no caso de denegar expresamente a súa consulta no anexo II ou anexo III). No caso de menores que non teñan DNI, documento acreditativo da súa idade (libro de familia, certificado de nacemento ou documento en que figure a data de nacemento).
- b. Declaración do IRPF ou certificado de renda emitido pola Axencia Tributaria relativos ao ano 2015, do solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia (só no caso de denegar expresamente a súa consulta no anexo II ou anexo III).
- c. De ser o caso, autorización aos funcionarios correspondentes para a presentación electrónica da solicitude e da documentación relativa ao ticket eléctrico social de Galicia (anexo IV).
- d. Facturas de electricidade da vivenda que é residencia habitual do solicitante da axuda e xustificantes de pagamento.
- e. Certificado ou volante de convivencia/empadroamento onde figuren todas as persoas que conviven no mesmo domicilio.
- f. Título de familia numerosa no caso de que o dito título non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia ou no caso de que si fose expedido pola Xunta de Galicia e o solicitante denegue expresamente a súa consulta no anexo II.
- g. De selo caso, certificado de discapacidade dalgún membro da unidade de convivencia con grao de discapacidade maior ou igual ao 33 %, no caso de que o dito certificado non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia ou no caso de que si fose expedido pola Xunta de Galicia e se denegue expresamente a súa consulta no anexo II ou anexo III.

### **Lugar de presentación:**

A través da sede electrónica: **Presentación electrónica da solicitude**. Para a presentación das solicitudes será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

### **Prazo de presentación:**

Do 17 de xaneiro ao 15 de xullo de 2017.

## Máis información

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN414A, poderase obter información adicional na Dirección Xeral de Enerxía e Minas e nas xefaturas territoriais da Consellería de Economía e Industria, a través dos seguintes medios:

- a. Páxina web oficial da consellería: <http://economiaeindustria.xunta.es>.
- b. Os seguintes teléfonos:

A Coruña: 981 18 49 95 e 981 18 49 36.

Santiago: 981 95 70 24, 981 54 55 87 e 981 54 55 74.

- c. O enderezo de correo electrónico [cei.dxiem.axudasenerxia@xunta.es](mailto:cei.dxiem.axudasenerxia@xunta.es)